

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 18 DE XUÑO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezoito de xuño de dous mil dezoito ; as nove horas e corenta minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde D José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro , Don Javier Iglesias Sendín e Dona María López Touza

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado once de xuño de dous mil dezoito (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non hai.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

ACOMETIDA DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por don Antonio González Carballal solicitando acometida de auga en Rúa Ramón Otero Pedrayo nº17, piso 2, porta esquerda , Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 14-6-2018 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

2.- Visto o escrito presentado por don Martín Rodríguez Villar solicitando acometida de auga en Rúa J.M. Martínez Vázquez nº21, piso 2, porta A , Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 14-6-2018 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

3.- Visto o escrito presentado por Promociones Lentille SL solicitando acometida de auga en Rúa Ribeiro nº45, piso 3, porta B , Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 13-6-2018 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

-Escrito de dona Laura Capas González, en representación de Grabele Vera Suckow no que solicita que o Excmo Concello de Ribadavia, as Forzas e Corpos de Seguridade ou o organismo /entidade/ persoa que teña as competencias , tome as medidas que se consideren oportunas para evitar que as prazas de estacionamento reservadas ás persoas con mobilidade reducida sexan ocupadas por vehículos sen o recoñemento desta situación, discriminando deste xeito ao colectivo, así como dificultando gravemente a súa autonomía e independencia.

A xunta de goberno acorda darlle traslado do escrito á Policía Local para que adopte as medidas oportunas.

-Escrito de dona Manuela Pérez González , con número de rexistro de entrada no concello 2651 de 13 de xuño de 2018, no que expón que “ he heredado la titularidad del nicho nº 80 que pertencía anteriormente a Joaquina González Rivera; y que a fecha de 5 de enero de 1999 pasa a ser heredera universal de todos sus bienes. E solicita “ que a partir de la fecha los recibos y la titularidad pasen a nombre de Manuela Pérez González.”

A xunta de goberno local acorda acceder ao solicitado.

-Escrito de don Ramón Docampo Rodríguez , con número de rexistro de entrada no concello 2689 de 15 de xuño de 2018, no que declara “ 1 Que en la actualidad soy personal funcionario del ayuntamiento de Ribadavia.

2 Que el próximo día 27 de julio de 2018 cumpla 65 años de edad.”

E solicita:” Que se tenga por admitida la presente instancia y con ello me sea concedida la Jubilación Forzosa por cumplir 65 años de edad.”

Visto o Real Decreto legislativo 5/2015 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público , artigo 67 :

1 A xubilación dos funcionarios poderás ser:

b) Forzosa , ao cumprir a idade legalmente establecida.

3 A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.”

A xunta de goberno local acorda :

1º Declarar a xubilación forzosa por idade de doon Ramón Docampo Rodríguez, DNI 34.604.301-L, funcionario de carreira do concello de Ribadavia, con data de 27 de xullo de 2018 , en que cumpre a idade de xubilación forzosa.

2º Dispor o cesamento no traballo do citado funcionario a partir do día 27 de xullo de 2018, cos dereitos pasivos que lle correspondan.

3º Notificar ao interesado esta Resolución cos recursos pertinentes.

4º Remitir esta Resolución a Tesouraría aos efectos oportunos.

5º Expedir certificados de servizos prestados e de cotizacións á Seguridade Social ao obxecto de facer efectivos os dereitos de carácter pasivo que lle correspondan.

6º Agradecer a don Ramón Docampo Rodríguez os servizos prestados ao Concello de Ribadavia.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Escrito da Xefatura Territorial do Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria comunicando a concesión dunha subvención ao concello de Ribadavia para a contratación de 1 socorrista.

-Escrito da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no que indica que “ examinada a solicitude de subvención presentada ao abeiro da Orde do 5 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión , en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais (2018), polo concello de Ribadavia.... Resolve:

“ Excluir a solicitude , por non acadar, o proxecto presentado na solicitude, a puntuación mínima establecida no artigo 9 da citada Orde de subvención, despois do informe de avaliación elaborado pola Comisión de Avaliación, creada ao abeiro do artigo 7 da citada Orde ,e conforme aos criterios recollidos nela.”

-Escrito da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no que indica que “ Notifícolle , que con data 11 de xuño de 2018 o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria resolveu a convocatoria de subvencións da orde do 13 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases

reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede a súa convocatoria para o ano 2018,(xúntase texto íntegro da resolución).

A súa solicitude foi avaliada segundo os criterios establecidos na orde e acadou os puntos que se sinalan , pero non resultou adxudicataria por mor do límite orzamentario”

-Escrito do Xulgado do Social nº 3 de Ourense, Procedemento Ordinario 000277/2018, citando como demandado o concello de Ribadavia en demanda interposta por dona Beatriz Miguez Jiménez en materia de recoñecemento de dereito.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 2º TRIMESTRE DO 2018.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 2º trimestre do 2018, por importe de 49.841,21 euros, tarifa de depuración por importe de 9.657,99 euros, máis 5.963,16 euros de IVE, resultando un total de 65.462.36 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 2º trimestre do 2018, por importe de 18.855,17 euros, Canon de auga fixo da Xunta, por importe de 8.501,60 euros e Canon de auga variable da Xunta, por importe de 8.548,24 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 2 de xullo e o 21 de agosto de 2018”.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº2/18.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº2/18, por importe de 16.939 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº3/18.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº3/18, por importe de 5.199,92 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

Aprobación de bases de selección de socorrista .

Tendose recibido comunicación do Servizo de Emprego e Economía Social , procédese a aprobación dunhas bases para a selección de persoal laboral temporal, para cubrir unha praza de socorrista. No expediente constan os seguintes elementos:

1. Bases de selección asinadas polo Alcalde de data 18 de xuño de 2018.
2. Informe de secretaría de data 18 de xuño de 2018.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir unha praza de socorrista.

APROBACION DAS BASES PARA A CONCESION DE AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR DO CONCELLO DE RIBADAVIA. CURSO 2018/2019.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación as bases para a concesión de axudas para material escolar do Concello de Ribadavia, Curso escolar 2018-2019 e que de seguido transcríbense:

BASES DAS AXUDAS de MATERIAL ESCOLAR para educación infantil do concello de ribadavia (CURSO 2017/2018)

A. Requisitos

- Que os ingresos totais da unidade familiar non superen os 2.017€
- Estar empadroado/a no Concello de Ribadavia na data de convocatoria da subvención.
- Ser alumno/a de Educación Infantil en calquera dos centros educativos pertencentes Concello de Ribadavia.
- Aportar a factura de compra do material con firma e selo de pagado.

B. Documentación a presentar

- Certificado de matricula do centro escolar para o curso 2018-2019 do/a alumno/a.
- Fotocopia do libro de familia e DNI dun/unha dos proxenitores ou tutor/a legal.
- Certificado de convivencia da unidade familiar.
- Fotocopia compulsada e completa da declaración da renda referida ó exercicio 2016. En caso de non estar obrigados a facela ou de non presentala voluntariamente, deberá presentar un certificado negativo de Facenda.
- No caso de traballar, deberán presentar fotocopia da última nómina ou documento que acredite os ingresos familiares. Así mesmo presentarán certificado doutras axudas que perciban doutros organismos ou entidades (RISGA, Axuda a Integración do Menor, pensións non contributivas, prestación por fillo/a cargo...ou pensión de orfandade, xubilación, viuvez...).
- Se a situación é de desemprego, deberán presentar tarxeta do INEM e certificado de estar percibindo ou non prestación económica.
- Factura de compra do material con firma e selo de pagado.
- Nº de Conta IBAN, onde ingresar o importe da axuda concedida, de ser o caso.

• C. Baremo

Nenos/as de 3 a 6 anos -Educación Infantil-

	INGRESOS	AXUDA
1º	Ingresos da unidade familiar de ata 1,50 do IPREM* (807€)	80€
2º	Ingresos da unidade familiar de ata 3,75 do IPREM (2.017€)	50€

*Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples (IPREM) é un índice empregado en España como referencia para a concesión de axudas, becas, subvencións, subsidio de desemprego entre outros.

D.- Contía das Axudas:

O Departamento de Servizos Sociais informará o expediente de concesión da axuda, mediante un Informe Social, baseándose no apartado de C. Baremo.

As solicitudes serán resoltas pola Xunta de Goberno Local, tendo en conta os criterios económicos dos baremos anteriores.

E.- O prazo:

O prazo de presentación das solicitudes será dende o 12 de setembro ó 5 de outubro de 2018.

F.- Lugar de presentación:

A presentación de solicitudes levarase a cabo no Dpto. de Servizos Sociais do Concello de Ribadavia.

As referidas bases deberán expoñerse ao público mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello".

Solicitudes Curso de natación –2018

Visto o escrito presentado polo Director do Servizo Municipal de Deportes, a xunta de goberno acorda:

- Admitir as solicitudes presentadas para o mes de xullo.
- Ampliar o prazo de solicitudes para o mes de agosto ata cubrir as 60 prazas.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-



Non houbo.

E sendo as dez horas da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO